

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: GPE2024-001442-P, BDNS 751123			
Título: Preparación e xestión de proxectos europeos e facilitar a atracción de talento internacional en institucións de I+D", convocatoria 2024 (GPE2024)			
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Servizos xerais de apoio á xestión da I+D+i			
PERÍODO AXUDA: INICIO: 01/01/2025 FIN: 31/12/2026			
CENTRO Inv. Principal: Vicerreitorado de Investigación e Transferencia			
OBJECTO DO CONTRATO: Apoio na captación e xestión de proxectos internacionais de I+D+i			
Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.			
LUGAR E HORARIO: Oficina de Proxectos Internacionais. Edificio de Servizos Centrais de Investigación, Campus de Elviña, de 08:00 a 15:00			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo 1			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador/a asociado/a ☐		Investigador/a en formación ☐ * Require matrícula programa doutoramento SUG	
Técnico/a de apoio á investigación ☐		Axudante de apoio á investigación ☐	
Técnico/a administrativo/a ☒		Axudante administrativo/a ☐	
XORNADA	Tempo Completo: ☒	Tempo Parcial: ☐	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01/01/2025
TIPO DE CONTRATO: Indefinido ☒		Duración determinada ☐	
		DATA FIN CONTRATO:	
RETRIBUCIÓN BRUTAS: 1.948,33*			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 0599 541A 6490206 Proxecto 01190			
A formalización do contrato queda condicionada á concesión definitiva da financiación de referencia GPE2024-001442-P, BDNS 751123 ou que a sustenta.			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensalidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Licenciatura, enxeñaría, arquitectura, grao, diplomatura, enxeñaría ou arquitectura técnica
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.
Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria .
PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e tres suplentes):
Titulares: José Antonio Mahía Saavedra (Director OCPI, PTXAS, Presidente), María Amalia Jácome Pumar (Adxunta de Investigación, TIT-UN, Secretaria), Roberto Rodríguez Martínez (Director EXI, PTXAS)
Suplentes: Susana Ladra González (Adxunta de Transferencia, TIT-UN), José Anta Álvarez (TIT-UN), Yolanda Calaza Pajares (Vicerreitora de Xestión da Investigación, PTXAS)
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

Documentación que debe presentar o solicitante:

- Fotocopia do documento identidade.
- Fotocopia da titulación académica.
- Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	xKCZZiE3g1gNvyTRNp3Bpw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	12/11/2024 10:02:18
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/xKCZZiE3g1gNvyTRNp3Bpw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPd (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña, a data de sinatura electrónica

O INVESTIGADOR PRINCIPAL

Asdo.: Jerónimo Puertas Agudo

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	xKCZZiE3g1gNvyTRNp3Bpw==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo			Asinado	12/11/2024 10:02:18
Observacións				Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/xKCZZiE3g1gNvyTRNp3Bpw==				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				





MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

DATOS DO PROXECTO

Referencia: GPE2024-001442-P. BDNS 751123. Proxecto UDC4HE

Título: Preparación e xestión de proxectos europeos e facilitar a atracción de talento internacional en institucións de I+D, convocatoria 2024 (GPE2024)

Obxecto do contrato: Contratación dun técnico para desenvolver as actividades do proxecto

Tarfas a desenvolver:

Colaborar na execución das tarefas e actuacións do proxecto mencionado, que consistirán en:

- Desenvolvemento das actividades do proxecto UDC4HE
- Xestión administrativa e económica integral dos proxectos de I+D+i internacionais xestionados na UDC
- Realizar o control e seguimento orzamentario dos proxectos, asegurando que os gastos imputados cumpren os criterios de elegibilidade do Annotated Grant Agreement
- Apoio na preparación de auditorías de proxectos europeos cando sexan obrigatorias
- Apoio en actividades de asesoramento e preparación de proxectos para a captación e xestión de financiamento de I+D+i internacional

Duración do contrato

A duración para estas tarefas estímase indefinida ata o final do proxecto para o cal se recibe a axuda en decembro de 2026, cunha dedicación a tempo completo.

Requisitos das personas candidatas

- Licenciatura, enxeñaría, arquitectura, grao, diplomatura, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica
- Ter nacionalidade española ou calquera outra a que a normativa estatal atribúa igualdade de dereitos canto aos efectos laborais na administración pública
- Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións ou tarefas descritas na memoria que integran o obxecto do contrato
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública nin dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas. Tampouco atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou rango de persoal funcionario ou para o exercicio de funcións análogas ás que desempeñaba, en que estivese separado/a ou habilitado/a. No caso de ser nacional doutro estado, requirirase que a persoa aspirante non estea inhabilitada ou en situación equivalente, así como que non fose sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

Criterios de valoración:

Os requisitos específicos detállanse na táboa adxunta. Valorarase especialmente a formación en graos ou licenciaturas en Economía, Finanzas, Ciencias Actuais e Financeiras, Administración e Dirección de Empresas, ou Ciencias Empresariais. Estas áreas de estudo ofrecen unha base sólida en análise económica, xestión financeira e contabilidade, habilidades altamente valiosas para a xestión económica de proxectos.

Tamén se valorará a formación en titulacións STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas), xa que a oficina precisa reforzar o persoal con este perfil debido a que a maioría dos proxectos internacionais activos actualmente se desenvolven en áreas de coñecemento relacionadas coas titulacións STEM. Para a adscrición da titulación, seguirase a clasificación establecida no RUCT (<https://www.educacion.gob.es/ruct/home>).

No apartado de idiomas, só se terá en conta a titulación de maior nivel presentada.

Convocarase a entrevista os/as candidatos/as que obteñan unha puntuación igual ou superior a 46 puntos na suma dos méritos dos apartados 1 a 4, limitándose ás 6 persoas con maior puntuación.

Na entrevista valoraranse tanto as capacidades, aptitudes e perfil da persoa candidata como o seu coñecemento das tarefas específicas a realizar. Parte da entrevista poderá realizarse en inglés. Para acceder á praza ou optar a formar parte da lista de espera, os/as candidatos/as deberán acadar unha puntuación mínima de 15 puntos en formación

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	xKCZZiE3g1gNvyTRNp3Bpw==		
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Estado	Data e hora
Observacións		Asinado	12/11/2024 10:02:18
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/xKCZZiE3g1gNvyTRNp3Bpw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





académica, 25 puntos en experiencia profesional, formación e idiomas, e 10 puntos na entrevista. En caso de empate, aplicarase como criterio a puntuación na titulación.

Documentación a presentar

- Currículo no que se detallarán os méritos seguindo o mesmo esquema e conceptos na táboa de valoración, especificando as tarefas realizadas en cada posto de traballo e a duración deste. Os currículos presentados noutro formato distinto non serán valorados. A puntuación dos méritos recollidos están referidos a actividades desenvolvidas a tempo completo. En caso contrario deberá acreditarse a porcentaxe de tempo de dedicación ás tarefas asociadas ao criterio de valoración. Non se considerarán os méritos que non se detallen en cada un dos criterios de avaliación.
- Documentos acreditativos de todos os méritos alegados. A experiencia profesional verificarase mediante a presentación de contratos de traballo ou certificado de vida laboral, a compañía dunha descrición das funcións realizadas en cada posto, certificada pola institución correspondente. Non se considerarán os méritos que non se acrediten documentalmente
- No caso das titulacións cursadas nun idioma distinto do castelán ou do galego, a documentación deberá vir acompañada da correspondente tradución e do formulario de declaración de equivalencia da nota media de expedientes académicos universitarios realizados en centros estranxeiros dispoñible no sitio web do ministerio con competencias en materia de universidades.
- Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
- Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

Criterios y valoración de méritos

CONCEPTO		PUNTUACIÓN	MÁXIMO
1.Titulación académica	Licenciatura, Diplomatura, grao en Economía, Finanzas, Ciencias Actuariais e Financeiras, Administración e Dirección de Empresas ou Ciencias Empresariais	15 puntos	30 puntos
	Licenciatura, Enxeñaría, Arquitectura, grao (STEM)	15 puntos	
	Diplomatura, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica (STEM)	10 puntos	
	Diploma de Estudos Avanzados (DEA) ou Máster en disciplinas STEM, Ciencias Económicas, Empresariais, Administración e Dirección de Empresas (ADE) ou áreas afíns	10 puntos	
	Certificación PMP, CAPM ou similar	5 puntos	
2.Formación	Cursos sobre xestión de proxectos de I+D+i do Programa Marco Europeo, INTERREG e outros programas internacionais de I+D.	0,2 puntos/4 horas	10 puntos
	Cursos sobre ferramentas de xestión de proxectos (ex. Microsoft Project, Excel avanzado), metodoloxía áxil, scrum ou PRINCE2, xestión financeira, contabilidade, negociación e liderado, visualización e análise de datos ou similares.	0,2 puntos/4 horas	
3. Experiencia profesional	Experiencia profesional en xestión económica e administrativa de proxectos de I+D+i no ámbito público.	0,4 puntos/mes trabajado	20 puntos
	Experiencia profesional no sector privado como analista financeiro, contable, auditor, consultor de I+D, xestor de I+D, técnico de operacións, administrativo ou similar.	0,4 puntos/mes trabajado	
4. Conocimiento de idiomas	Inglés. C1 ou superior	15 puntos	15 puntos
	Inglés B2	10 puntos	
5. Entrevista personal	Entrevista persoal. Avaliaranse tanto as capacidades da persoa candidata para o posto como os seus coñecementos sobre as tarefas e os procedementos específicos a desenvolver no posto. Parte da entrevista poderá realizarse en inglés		25 puntos

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	xKCZZiE3g1gNvyTRNp3Bpw==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo		Asinado	12/11/2024 10:02:18
Observacións			Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/xKCZZiE3g1gNvyTRNp3Bpw==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

